



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA DEZASETE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO (27/2024)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e nove minutos do día dezaseis de xullo de dous mil vinte e catro, reúnen-se, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, os Sres. Concelleiros: D. Alberto Cortizas Rejo, D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas. Non falta ninguén. Actúa como Secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 10 de xullo de 2024
2. Concesión licenza de obra
3. Expediente de contratación 2021/C003/000002, correspondente á obra contida no proxecto nomeado, Acondicionamento de camiños en Alto Xestoso (de Graña a Portomuros e de Portomuros a Muros). Adjudicación

### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 10 DE XULLO DE 2024

O Sr. Alcalde pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 10 de xullo de 2024 se considera aprobada sen ningunha obxección.

### 2.- CONCESIÓN LICENZA DE OBRA

O Sr. Secretario-interventor dá conta do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, xunto co proxecto, informes e demais documentación del, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o expediente urbanístico municipal (TEDEC) número: 2024/U022/000001, que se describe a continuación cos seguintes datos:

**Expediente municipal (TEDEC) número:** 2024/U022/000001

**Datos do interesado/a:** D<sup>a</sup>. MARÍA ESTHER VILA NOVO con DNI 32430093R

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

Número e data de entrada no Rexistro Municipal: nº 20229990000110 de rexistro de entrada de data 02/02/2024

**Lugar de realización:** Lugar de Rebordelo nº 6. Concello de Monfero. Provincia de A Coruña.

**Referencia catastral rústica:** Parcela con referencia catastral nº 15051A059000010000LW

**Descrición técnica das obras:** Solicítase licenza de obras para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar segundo "PROXECTO BÁSICO e de EXECUCIÓN para REHABILITACIÓN e AMPLIACIÓN de VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE "

**Autor do proxecto:** D. Luis Manuel Aboy Soto, Arquitecto Colexiado nº 3074

**Orzamento de execución material:** 138.539,68 €.

Tendo en conta os **antecedentes urbanísticos** que son os seguintes:

Lugar de realización: Rebordelo nº 6 – San Fiz, Monfero (A Coruña).

Parcela referenciada catastralmente co número 15051A059000010000LW cunha superficie de 5.882 m<sup>2</sup> na que figura unha superficie construída de 136m<sup>2</sup> que data en 1960.

As edificacións existentes na parcela datan a súa construción orixinaria aproximadamente do ano 1945/1.950 segundo os datos obtidos mediante consulta realizada da ortofotografía do voo americano dos anos 1.956/57.

De acordo ao establecido no Artigo 40 da Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia, a edificacións obxecto do presente proxecto considéranse Edificacións Tradicionais, ao ser estas existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1.975, de 2 de maio, de Reforma da lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana.

Considerando que:

1.- As obras a realizar, incluídas no citado proxecto, consisten na Rehabilitación e Ampliación da vivenda unifamiliar.

- As obras de Rehabilitación afectan única e exclusivamente a un dos dous volumes existentes denominado Volume Secundario no Proxecto, no que se realizarán obras de remodelación da vivenda variando a distribución interior dentro dos límites do volume da vivenda orixinal,

- As obras de Ampliación consisten en conectar entre si os dous volumes independentes existentes (destinados orixinariamente a vivenda) que conforman o conxunto da vivenda de maneira que toda ela quede comunicada interiormente formando un único conxunto de vivenda unifamiliar (único volume compacto), coa descrición detallada que realiza o proxecto técnico que consta asinado dixitalmente no expediente electrónico de referencia.

2.- Están suxeitas a licenza municipal por atoparse entre os actos que sinala o artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e están, polo tanto, suxeitas ao procedemento de outorgamento de licencias segundo o art. 143 da mesma Lei.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

3.- No proxecto descríbense expresamente os actos que se pretenden realizar e xustifícase que os mesmos cumpren coa ordenación urbanística de aplicación. A descrición técnica que se achega das características do acto de que se trata é suficiente e axeitada.

4.- A clasificación actual da parcela sobre a que se asenta, ou se vai asentar, a construción ou instalación é a de solo rústico de protección ordinaria carecer o Concello de planeamento municipal e a que lle outorga o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Monfero aprobado inicialmente pola Corporación Municipal o 16 de marzo do 2016 é a de Solo Rústico de Protección Ordinaria e Solo de Núcleo Rural (tipoloxía común).

5.- As obras a realizar pódense levar a cabo por tratarse de obras de rehabilitación – conservación de edificación tradicional existente, e, polo tanto, amparadas polo art. 40 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

6.- As obras comunicadas, non están afectadas pola suspensión de licencias no sentido de que a suspensión do outorgamento das licenzas acordada non afectará ás obras de mantemento, conservación e reforma, agás nos casos de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables ás de reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento de volume do edificio, nin as licenzas de primeira ocupación, nin aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento, nin aos proxectos que cumpran simultaneamente coa normativa vixente e coa proposta no PXOM aprobado inicialmente e, para estes efectos, efectuar as adaptacións necesarias e entender que o réxime aplicable ao solo rústico é o previsto para este tipo de solo na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e que para as edificacións tradicionais existentes, tanto neste tipo de solo como no solo de núcleo rural, é o previsto no artigo 40 da Lei 2/2016.

7.- Que examinada a referencia catastral, segundo o Plan Básico Autonómico, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo, a edificación **se atopa dentro da área de afección** da estrada AC-151 de titularidade Autonómica. polo que, previo á obtención do título habilitante municipal, se require, inicialmente, de informes supra municipais.

Consta no expediente Resolución da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Exp. IF204A/AC/2024/0120) de autorización para a execución das obras de ampliación de vivenda existente no P.Q 16+120 da estrada AC-151 no concello de MONFERO.

Así mesmo, segundo o documento de aprobación inicial do PXOM de Monfero, as obras non afectan á área de afección de ningún ben patrimonial catalogado no Catálogo de elementos que hai que protexer ou recuperar, nin que se atope na área de afección do ben catalogado na aprobación inicial do Concello de Monfero.

8.- A solicitude de licenza, coa documentación que se lle achega, está completa segundo o establecido no art. 143 da devandita Lei 2/2016.

9.- Constan no expediente un informe técnico favorable, de data 22/04/2024, condicionado a que *“Previo ao inicio das obras deberá achegar perante o Concello os nomeamentos visados así coma*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

*os oficios dos intervinientes (Arquitecto, arquitecto técnico e coordinador de seguridade e saúde) igualmente visados polos colexios correspondentes.*

Consta no expediente esa documentación, achegada en data 02/07/2024, a través da Sede Electrónica, con rexistro de entrada nº 202499900000321.

Do informe xurídico e informe favorable do técnico contratado para o efecto se da conta detallada neste acto.

Tendo en conta que na tramitación do expediente observáronse as prescricións legais aplicábeis, **propóñolle á Xunta de Goberno local**, en harmonía cos devanditos informes, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, conforme dispón o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a adopción dos seguintes acordos:

**1.-** Conceder a licenza urbanística para as obras que se indican a continuación, que non eximen da obtención doutras que, se for o caso, procedan.

A D<sup>a</sup>. MARÍA ESTHER VILA NOVO, para a realización das obras contidas no proxecto denominado: PROXECTO BÁSICO e de EXECUCIÓN para REHABILITACIÓN e AMPLIACIÓN de VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE” no lugar de Rebordelo, parroquia de San Fiz deste termo municipal, a executar conforme ao proxecto técnico elaborado D. Luis Manuel Aboy Soto, Arquitecto colexiado nº 3074, cun orzamento de execución material de: 138.539,68 €.

**2.-** Condicionar a concesión da citada licencia urbanística ao cumprimento das condicións que se indican a continuación, ás que así mesmo se presta aprobación, e ao sometemento ao disposto pola normativa vixente de aplicación.

### CONDICIÓN XERAIS E ESPECÍFICAS

1) As obras que se solicitan deberán cumprir os seguintes prazos: o prazo de iniciación non poderá exceder dos seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2) Unicamente se poderán executar as obras contempladas no proxecto e coas características tipolóxicas, estéticas e construtivas e cos materiais, cores e acabados acordes coa paisaxe rural e as construcións do entorno. As dimensións e características das obras non excederán das autorizadas, considerándose como infracción urbanística calquera extra limitación na que se incorra. Toda variación que se pretenda introducir precisará da conformidade previa.

3) Ademais de cumprir coas condicións de edificacións indicadas no proxecto así coma no presente informe, deberá cumprir co establecido nos apartados a – b – e, do art. 39 la Lei 2/2016 que se indican a continuación:

a/Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos, e, de ser o caso, a previsión de



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

b/Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

e/Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

4) Na realización dos traballos estarase obrigado a reparar os estragos que como consecuencia das obras se orixinen nas vías públicas e demais espazos lindeiros, e a mantelos en condicións de seguridade, salubridade e limpeza.

5) A presente solicitude producirá efectos entre o Concello e quen a promove, pero non alterará as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas. As obras realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

6) O promotor - solicitante deberá ter a disposición dos servizos municipais a oportuna licenza rexistrada neste Concello e facilitará o acceso dos ditos servizos á obra para a súa comprobación e inspección.

7) Durante a execución das obras para as que se solicita licenza deberá cumprirse co Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

8) Non se poderá dar comezo as obras sen satisfacer previamente a taxa municipal que corresponda e achegar ao concello o oportuno xustificante.

Unha vez rematadas as obras, o promotor deberá presentar o correspondente certificado final de obra.

9) Durante a construción das obras para as que se solicita licenza deberá cumprirse o Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición e deberá contar con coordinador de seguridade e saúde das mesmas.

10) Tódolos traballos autorizados así coma o título habilitante municipal estarán outorgados salvo dereito de propiedade, dereitos reais e sen prexuízo de terceiros.

11) As obras deberán respectar e cumprir tódalas condicións, xerais ou particulares indicadas nos informes sectoriais que puideran obrar no expediente de tramitación.

**3.- Aprobar a liquidación polo Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que se detalla:**  
Liquidación provisional polo Imposto Municipal sobre Construcións, Instalacións e Obras:

<u>BASE IMPONIBLE</u>	<u>TIPO GRAVAME</u>	<u>COTA</u>
138.539,68 €	2,3%	3.186,41 €

Monfero, 16 de xullo de 2024  
O Alcalde  
Andrés Feal Varela"



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta

### **3.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 2021/C003/000002, CORRESPONDENTE Á OBRA CONTIDA NO PROXECTO NOMEADO, ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ALTO XESTOSO (DE GRAÑA A PORTOMUROS E DE PORTOMUROS A MUROS). ADXUDICACIÓN**

O Sr. Alcalde informa de que se presentaron á licitación dez empresas. Le a relación delas e a puntuación obtida por cada unha e indica que se propón a adxudicación, de conformidade co acordado pola mesa de contratación, á empresa que realizou a oferta máis vantaxosa, Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.

A proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto, que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico, transcríbese literalmente deseguido:

#### “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Logo de ver o expediente de contratación da obra contida no proxecto nomeado, ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ALTO XESTOSO (de Graña a Portomuros e de Portomuros a Muros), documento elaborado por D. Antonio López Rodríguez, arquitecto, cun orzamento de 84.187,00€ máis 17.679,27€ de Ive que suma un total de 101.866,27€, aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 61/2024, que o contratista que a Mesa de contratación do Concello de Monfero considerou que era o que presentaba a oferta máis vantaxosa que podía ser cumprida e que foi requirido, tras efectuar positivamente as comprobacións do artigo 159.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector, en adiante LCSP, para que cumprira co establecido na cláusula 16.1 do Prego, xa lle deu cumprimento e constituíu a garantía definitiva, e o informe de fiscalización favorable da Secretaría-Intervención, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Monfero que aparecen reflectidos no expediente de contratación tramitado e, en concreto e sen ánimo exhaustivo, os referentes á admisión das ofertas presentadas, de clasificación, por orde decrecente (Anexo), atendendo unicamente ao prezo, das que non foron declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo 149 da LCSP, e a proposta respecto destas.

2.- Adxudicarlle á empresa, Construcciones Leonardo Miguélez SL., o contrato da obra descrita no proxecto técnico nomeado, “Acondicionamento de camiños en Alto Xestoso, de Graña a Portomuros e de Portomuros a Muros”, na cantidade de 77.662,00€, máis 16.309,02€ de Ive, que suman 93.971,02€, e de acordo co resto de características da súa oferta que constan no expediente, pola necesidade de dotar á zona das obras que se describen no devandito proxecto e considerar, en harmonía coa proposta da Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero, coa mesma motivación, que a súa oferta é a máis vantaxosa que pode ser cumprida.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

- 3.- Aprobar o gasto correspondente, dispoñendo con cargo á aplicación orzamentaria 453.2441.61100 a anualidade correspondente a 2024 e sometendo á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente e axeitado no 2025 a anualidade de 2025.
- 4.- Nomear Coordinador de Seguridade e Saúde e Director Técnico das Obras a D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto.
- 5.- Notificar este acordo a D. Antonio López Rodríguez, ao adxudicatario e ao resto dos licitadores.
- 6.- Publicar esta adxudicación no perfil do contratante desta entidade, aloxado na plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP)
- 7.- Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato, dentro do prazo máximo 15 hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que se reciba a notificación da presente adxudicación polo licitador.
- 8.- Unha vez formalizado o contrato, publicar tal feito no perfil do contratante do órgano de contratación (PCSP).
- 9.- Logo de asinar o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, axustado ao Estudio Básico de Seguridade e Saúde do proxecto, para a súa aprobación pola Alcaldía, tras o informe do Coordinador de Seguridade e Saúde. Con anterioridade ao comezo das obras o contratista presentará na Consellería de Traballo e Benestar, a apertura do centro de traballo e comunicarao ao Concello, e, unha vez efectuado este trámite, procederá a comprobación do reformulo e comezo das obras.
- 10.- As obras someteranse a un control de calidade externo, que levará a cabo unha empresa especializada neste tipo de controis contratada polo Concello, segundo o previsto na cláusula 29 do PCAP.

### ANEXO

Orden	Empresa licitadora	Importe oferta(sin IVA)	Puntuación
1	<b>CNES. LEONARDO MIGUELEZ, SL</b>	<b>77662,00</b>	<b>36,17</b>
2	EXCAVACIONES SANTIÑOS, SL	79093,00	28,03
3	CANARGA,SL	79766.94	24,50
4	FCO. GOMEZ Y CÍA, SL	79851,24	24,03
5	LANCER PROYECTOS Y OBRAS, SA	81299,39	16,01
6	OBRAS Y SANEAM. GALICIA. SL	81501,43	14,89

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

7	CNES PONCIANO NIETO, SL	81838,18	13,02
8	CNES. J.MAURI E HIJOS,SL	83100,99	6,02
9	SONDEOS PORZUNA, SL	83429,31	4,20
10	JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS Cnes., SA	84187,00	0,00

O Alcalde  
Andrés Feal Varela"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás doce horas e vinte e tres minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certífoo.

O Alcalde

O Secretario